

4-8-1959.

Sr. Luís Tobío.  
Montevideo  
-----

Benquerido Tobío:

O común amigo Meilán, fíxome chegar as túas follas orixinás do fermoso traballo que adicaches ao meu pequeno e derradeiro libro.

Lido agora de xeito sosegado, atopo aínda máis beleza nos teus xuícios tan xenerosos e ademais, de qué maneira tan perspicas acadaches o meu íntimo pensamento.- O amigo Seoane pideume unha copia para o arquivo da Editorial Citania, e tamén queren publicalo en "Opinión Gallega".- Como as túas follas están sin firmar, eu quero denantes pedir a túa autorización para que se pubrique coa túa firma si non téns nelo reparos que faguer.

Prégoche entón unha resposta, e reiterando a miña gratitude, envíoches a aperta forte de sempre,

*Pita*

Saúdos a María del Carmen e aos pequenos.